

Normativa de préstamo na Área de Cultura da UDC

1/ **Preámbulo**

O servizo de préstamo ofrécese á comunidade universitaria, permitindo que poida ter os fondos durante un tempo limitado. As normas que rexen este servizo farán compatible a consulta dos materiais coa súa conservación.

2/ **Condición de usuario do servizo de préstamo**

Terá condición de usuario do préstamo calquera membro da comunidade universitaria: profesores, estudantes e PAS; os estudantes profesores e investigadores dos centros adscritos e aquelas persoas autorizadas.

2.1 Os antigos membros da comunidade universitaria da UDC, e calquera persoa da comunidade investigadora en xeral, poderán utilizar o servizo de préstamo sempre que foran autorizados.

2.2 Persoas autorizadas: As autorizacións, logo de solicitude razoada, serán temporais e expedidas polo xefe do servizo de acordo cos criterios que estableza o regulamento do servizo.

3/ **Formalización do préstamo**

O préstamo formalizarase mediante a presentación dun documento que acredite que se pertence a algún dos grupos de préstamo relacionados anteriormente, ou a mostra da autorización para o uso do servizo.

4/ **Documentos obxecto do servizo de préstamo**

Todos os materiais publicados en catálogo interno, ou dispoñibles na páxina web, son susceptibles de ser prestados, mais algúns, por motivos de utilización, rareza, antigüidade ou preservación, poderán ser excluídos do préstamo ou sometidos a un réxime de uso restrinxido.

5/ **Duración e condicións do préstamo**

Poden ser retirados, para préstamo, ata un total de dous elementos do fondo durante o tempo máximo de 15 días naturais, que poderá ser prorrogado, a petición do



usuario, durante 7 días naturais máis, sempre que non foran solicitados por outros usuarios.

6/ Incumprimento das normas de préstamo

O usuario ten a obriga de retornar os fondos en préstamo dentro da data límite, sempre que non tiver autorizada a prórroga. En caso de incumprimento, o servizo poñerase en contacto co usuario para que proceda á súa devolución.

En caso de non devolución, ou deterioro, o usuario deberá restituír o prestado por outro exemplar de similares características; de non facelo así, quedará excluído do servizo de préstamo.

En caso de demora na entrega dos fondos prestados, o servizo apercibirá ao usuario da necesidade da súa devolución. Se a devolución se demorase máis dun mes, producirase unha penalización polo duplo do tempo tardado na restitución do prestado.

A non devolución de fondos prestados terá como consecuencia a suspensión definitiva do servizo, en todo caso, con independencia das medidas administrativas e legais que correspondan.